

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 29 de setembro de 2016

ACTA Núm. 10/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de setembro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

ORDE DO DÍA

A. Parte Dispositiva

- 1. APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.07.2016 e 29.08.2016)**
- 2. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**
- 3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 09/2016 S.C. SUPLEMENTO DE CRÉDITO**
- 4. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 03/2016**
- 5. INCORPORACIÓN DA CUBERTA DA PISCINA MUNICIPAL AO INVENTARIO DE BENS**

6. CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE DA TRABALLADORA TAMARA SANDE PARÍS

7. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO

8. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B. Parte de control dos órganos de goberno

9. MOCIÓNS DE URXENCIA

10. ROGOS E PREGUNTAS

A.- Parte Dispositiva.

1. APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.07.2016 e 29.08.2016)

A Sra. alcaldesa di que se traen as actas do 28 de xullo e do 29 de agosto.

A voceira do Grupo Popular di que na do 28 de agosto hai un erro, que consta como asistente D. José Ángel Hermida Simil, cando estivo ausente, e que o asistente foi D. José Vázquez Rama.

A Sra. alcaldesa con esta corrección somete as actas a votación co seguinte resultado:

- Acta do 28 de xullo de 2016: 9 votos a favor (4 PP, 3 CxG e 2 BNG) e 4 en contra do PSdeG-PSOE.
- Acta do 29 de agosto de 2016: 12 votos a favor (4 PP, 3 PSdeG-PSOE, 3 CxG e 2 BNG) e 1 abstención de Da. Sandra Maneiro Pais do PSdeG-PSOE

Acordo: quedan aprobadas as actas correspondentes ás sesións do Pleno celebrado o 28 de xullo e o 29 de agosto de 2016.

2. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

A Sra. alcaldesa expón que se trae esta modificación das bases de execución do orzamento para que as asociacións podan recibir as subvencións, que se trouxo no mes de xullo por urxencia e non superou este trámite. Levouse á Comisión Informativa e está ditaminada. Trátase de modificar as bases de execución do orzamento para que as subvencións nominativas poidan ser percibidas polas comisións e organizacións que realmente organizaron as actividades.

A Sra. Monteagudo comenta que o concelleiro de Facenda trae esta proposta ao Pleno para adaptar as subvencións ás personalidades xurídicas que este ano organizan os diferentes eventos, e que segue habendo unha diferenza entre a proposta do concelleiro e o informe de intervención, xa que ao parecer unha das subvencións foi aboada, o que non souberon explicar nin o concelleiro nin a alcaldesa no pasado mes de xullo. Que este problema resolvíase coa aprobación dunha ordenanza e resolvíase o problema da discrecionalidade. Que non saben se esta é unha das varias ordenanzas que prometeu traer no mes de setembro e non trouxo ningunha. Pregunta se van iniciar a preparación dos orzamentos para o ano 2017. Que tardaron 9 meses para resolver o problema destas subvencións, tivo que vir dúas veces ao Pleno, e xa todas as actividades están feitas, e tiveron que esperar ata o mes de xullo para intentar introducir este asunto por urxencia e sen saber o que traían. Que as asociacións non merecen este trato, que polo menos debería aplicarse a mesma dilixencia que se lle aplica a outras cousas, xa que un importe parecido pagouse por dúas actuacións no verán aos quince días de terse realizado.

A Sra. González non entende como o grupo de goberno ten a “desfachatez” de traer unha proposta de modificación das bases do orzamento no mes de outubro, a dous meses de

rematar o ano, que o orzamento actual é a prórroga do aprobado polo grupo socialista, que hai subvencións que xa están aboadas, e o máis importante é que non se trouxo ao Pleno a modificación das bases de execución do orzamento cando se aprobaron os soldos dos concelleiros do grupo de goberno. Na base 27 están os soldos dos concelleiros e non coinciden co que cobran os concelleiros do goberno e non se trouxo para a súa modificación, o PSOE xa advertiu que non podían cobrar máis que o que consta nas bases, están cobrando os soldos de forma totalmente ilegal e agora atrévense a traer isto, pero é a forma de facer dos concelleiros, que están os tres investigados, que non son quen de pagar 500€ a unha asociación, porque hai un problema serio, que nas bases pon Comisión de Semana Santa e ten que por Comisión Semana Santa Muradana, e vostedes seguen cobrando sen modificar as bases, parécelle ter cara dura. Non sabe cal é o motivo por que non se lle paga ás asociacións, tal como vostedes cobran, tamén se lle pode pagar ás asociacións sen necesidade de modificar as bases. Traen este asunto para tomar o pelo, para encher a orde do día do pleno, porque como todos saben, e outro pleno baleiro de contido. Considera que están desgobernando, desfecendo todo o que o seu grupo fixo, que desde o goberno non se fai nada, que non teñen a decencia de traer os presupostos, que non os traen porque seguen cobrando, se a interventora dixera que non cobraban seguro que os traían, que so lle interesa cobrar; que é un Pleno sen contido, e pregunta por que se modifica esta base e non a 27 pola que cobran vostedes.

O Sr. García manifesta que se esta xogando coas asociacións, que necesitan cobrar para pagar as facturas, e por facer dano ao goberno non se deixe pasar a oportunidade de pagarlles, que merecido o teñen.

A Sra. alcaldesa dá paso a unha segunda intervención.

A Sra. Monteagudo opina que non se explica moi ben a modificación desta base de execución cando se está saltando todas. Segundo o Grupo de Goberno, esta modificación é por que non se sabe cales van ser as asociacións que van organizar as festas, e deixa patente a necesidade dunha regulación mediante ordenanza, se non todos os anos pasará o mesmo e haberá que modificar os presupostos, xa que en xaneiro non se sabe que asociacións van organizar as festas. Parécelle grave a irresponsabilidade coa que se está tratando este asunto, xa que prexudica a provedores, a persoas e entidades, e non é de recibo que se esconda detrás dos demais porque os que fixeron a trapallada foron vostedes e agora quen ten que emendar a plana é o Pleno.

A Sra. González non cre necesario traer este tema a finais do ano para pagarlle ás asociacións, e menos cando se debería ter un presuposto, non cre que esta sexa a única saída para poder pagarlle ás asociacións culturais, que son as únicas que están traballando e facendo algo neste concello. Están esperando a ver cando vén a modificación da base número 27, das súas retribucións, que non lles parece urxente porque teñen os cartos no peto. Considera unha falta de respecto que a estas alturas aínda non cobraran, e opina que da mesma maneira que se lles pagou ás asociacións de cazadores e a toda esa xente, tamén había que pagarlle, e con máis motivo, á xente que está a traballar polo veciños e veciñas de Muros.

O Sr. García di que se comentaba que non se entende moi ben esta modificación, pero ten coñecemento de que cando se lle dan estas subvencións a nome dunha persoa física que pon o seu nome para poder cobrar tráelle problemas con Facenda, xa que lle aparecen como ingresos no resultado das súas rendas. Considera necesario esta modificación, e anuncia o voto favorable do seu grupo, e pide que mañá mesmo se dea a orde de pago.

A Sra. alcaldesa di que se se trae esta modificación é porque é necesario e así o din os servizos técnicos, non é por ningún capricho do grupo de goberno. Quere lembrar que o retraso no pago das subvencións foi porque o PP e o PSdeG-PSOE non quixeron tratar este asunto no mes de xullo por un simple capricho e por prexudicar ao Grupo de Goberno, e a quen están prexudicando é as asociacións, que xa podían ter cobrado.

O Pleno da Corporación, co voto favorable dos nove concelleiros dos grupos Popular, CxG e do BNG, e o voto en contra dos catro concelleiros do PSdeG-PSOE, aproban a seguinte resolución:

A base de Execución do Orzamento número 31.3 dispón respecto do procedemento de concesión directa de subvencións o seguinte:

“3. Son subvencións nominativas as seguintes:

APLICACIÓN

ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
334.480.01	Comisión Cabalgata de Reis	4.000,00 €
334.480.02	Comisión Corpus Christi	660,00 €
338.480.03	Comisión Semana Santa	1.000,00 €
338.480.04	Comisión de Festas de Louro	1.000,00 €
338.480.05	Comisión de Festas de Esteiro	1.000,00 €
338.480.06	Comisión de Festas de Serres	1.000,00 €
338.480.07	Comisión de Festas de Tal	1.000,00 €
338.480.08	Comisión de Festas de Abelleira	1.000,00 €
338.480.09	Comisión de Festas de Sestaio	1.000,00 €
338.480.10	Comisión de Festas de Torea	1.000,00 €
338.480.11	Comisión de Festas de Virxen do Carmen	1.000,00 €
341.480.12	Comisión das Carrilanas	1.400,00 €
Totais		15.060,00 €

Coa finalidade de adaptar as devanditas subvencións ás personalidades xurídicas que neste ano organizan os diversos eventos para os que se conceden e de engadir as subvencións coas que habitualmente se firma convenio para a promoción de actuacións culturais, o Pleno da Corporación RESOLVE:

PRIMEIRO. A modificación da base 31.3, quedando redactada como segue:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	BENEFICIARIO		OBXETO	
334.480.01	Promoción cultural. Comisión cabalgata de Reis.	Asociación Cultural Fouleada	G15777832	Organización da Cabalgata de Reis	4.000,00 €
334.480.02	Promoción cultural. Comisión Corpus Christi	Comisión do Corpus Christi 2016		Organización do Corpus Christi	660,00 €
338.480.03	Festas populares e festexos. Comisión Semana Santa	Comisión de Semana Santa Muradana 2016		Organización da Semana Santa	1.000,00 €
338.480.04	Festas populares e festexos. Comisión de festas LOURO	Asocación Cultural Carmen de Louro	G70484985	Organización das Festas do Carme de Louro	500,00 €
338.480.04	Festas populares e festexos. Comisión de festas LOURO	A.D.C. Madalena	G70288121	Organización das Festas da Madalena de Louro	500,00 €
338.480.05	Festas populares e festexos. Comisión de festas ESTEIRO	A. D.C. Esteirana de Carrilanas	G70184312	Organización das Festas de Esteiro	1.000,00 €
338.480.06	Festas populares e festexos. Comisión de festas SERRES	A. C.D. San Xoán de Serres	G70264577	Organización das Festas de Serres	1.000,00 €
338.480.07	Festas populares e festexos. Comisión de festas TAL	Asoc. Cultural Festaleiros	G70329537	Organización das Festas de Tal	1.000,00 €
338.480.08	Festas populares e festexos. Comisión de festas ABELLEIRA	Asoc. Cultural e Recreativa Pontevela	G70027693	Organización das Festas de Abelleira	1.000,00 €
338.480.09	Festas populares e festexos. Comisión de festas SESTAIO	Asociación Veciños Sestaio	En trámite	Organización das Festas de Sestaio	1.000,00 €
338.480.10	Festas populares e festexos. Comisión de festas TOREA	Asociación Cultural Festas de Torea	En trámite	Organización das Festas de Torea	1.000,00 €

	Festas populares e festexos. Comisión de festas				
338.480.11	DO CARME DE MUROS	Confraría de pescadores de Muros	G15038508	Organización das Festas do Carme de Muros	1.000,00 €
341.480.12	Promoción e fomento do deporte. Comisión das CARRILANAS	A. D.C. Esteirana de Carrilanas	G70184312	Organización das Carrilanas	1.400,00 €
231.480.00	Asistencia Social Primaria. Convenio Vacacións en paz	Solidariedade Galega co pobo Saharai	G15924558	Convenio vacacións en paz (2 nenos)	1.780,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	Agrupación Folklorica Ximiela	G15882954	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	Agrup. Cultural Xeitura	G15771769	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	A.C. Longarela	G70144308	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	A.C.D. Galanía de Muros	G70023502	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	Asoc. Cult. Faltriqueira	G15833098	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	Asociación Cultural Musical Eclipse	G70110713	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €
334.480.00	Promoción cultural. Subvencións para actividades culturais	Asoc. Cult., Recr., Deport. e Medioamb. Rumial	G70230784	Organización de 3 actuacións culturais	900,00 €

SEGUNDO. Expoñer ao público esta modificación do orzamento municipal 2016 durante 15 días hábiles no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación. No caso de non presentarse reclamacións este acordo elevarase automaticamente a definitivo.

3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 09/2016 S.C. SUPLEMENTO DE CRÉDITO

O Sr. Uhía manifesta que é necesario facer unha modificación de crédito debido a que na participación dos tributos do Estado do 2014 devolveselle ao concello 119.533,29 €. Desde o grupo de goberno o que pretenden é incorporalos a suministros porque hai varias partidas que están consumidas, enerxía eléctrica principalmente, debido a recoñecementos extraxudiciais ou facturas atrasadas. Que na Comisión Informativa propúxose utilizar parte destes ingresos na reparación dos bombeos do saneamento, areedor dos 40 mil euros, e foi o que se ditaminou na comisión, e que dende o grupo de goberno non hai problema en facer unha retención de crédito con esa finalidade.

A Sra. Monteagudo di que estes ingresos proveñen da liquidación definitiva da Participación nos tributos do Estado do ano 2014, que non é que devolvan, que é o resultado da liquidación definitiva, que o concelleiro quere dedicar integramente ao pago de subministros. Considera preciso habilitar crédito para complementar a subvención de 40 mil euros do Plan Medioambiental que se vai destinar á reparación dos bombeos, petición que xa realizaron en plenos pasados e que parece que atenderon, o que é de agradecer, aínda que non sexan capaces de recoñecer que as iniciativas son súas cando falan deste temas nas redes sociais. Considera que os bombeos se deben reparar a fondo e despois contratar o seu mantemento. Que na Comisión Informativa comprometéronse a facer unha retención de crédito de 40 mil euros para complementar esa axuda do Plan Medioambiental, esperan que cumpran con ese compromiso, e que o seu grupo vai cumprir co seu compromiso de apoiar esta proposta.

A Sra. González pregunta se o informe de secretaría é favorable ou desfavorable xa que non ten conclusión, que só informa do procedemento, e pregunta se o informe é favorable ou desfavorable, porque a alcaideas toma nota pero ó final non contesta, cren que se lle puido pasar, ou está mal impreso ou fáltalle algo. Con respecto á modificación de crédito, considera que en outubro non se deben traer estas modificacións, que hai que facer o presuposto. Non sabe como están as partidas, non se di cales son as necesidades, e gustaríalle saber, para decidir o seu voto, como está a partida de servizos sociais, considera que parte destes ingresos deberían destinarse a servizos sociais, debido a que hai problemas nos contratos e de asistencia a domicilios e desde o seu grupo piden que parte destes cartos se destine a servizos sociais, e se non se fai así o seu Grupo vai votar en contra.

O Sr. García di que non teñen nada que engadir.

A Sra. alcaldesa dá un segundo turno de palabra.

A Sra. Monteagudo di que non teñen máis que dicir.

A Sra. González quere saber se o informe de secretaría é favorable ou desfavorable e se parte destes cartos se vai destinar a servizos sociais.

O Sr. García di que non teñen máis que dicir.

A Sra. alcaldesa contesta que se decidiu dedicar esta cantidade a estas partidas porque, xa comentaba o concelleiro, hai partidas esgotadas, en gran medida polas reiteradas avarías que hai no saneamento, lévase máis dun ano con continuos amaños, isto, xunto co alumeado e outras urxencias, ocasionou que algunhas partidas se esgotaran. Para poder facer fronte ao mantemento e aliviar determinadas partidas é necesario incorporar estes cartos a esas partidas. Que na comisión informativa aceptaron a proposta do Partido Popular, e cumprirana, porque o saneamento é unha prioridade para o goberno. Que se levan gastados case 700 mil euros en saneamento neste ano e pouco que levan gobernando. Que o informe de secretaría igual que o de intervención, o secretario informou de todo aquilo que considerou que tiña que informar.

Pregunta a Sra. González se é favorable ou desfavorable.

A Sra. alcaldesa pídelle que por favor non interrompa, xa que ela tampouco foi interrompida, e advírtelle que non a vai volver avisar. Con respecto ás partidas de servizos sociais, foron revisadas e non teñen problema, que a contratación do persoal non só depende de que haxa cartos, senón das restricións que hai para contratar. Que a súa idea é aliviar esas bolsas de vinculación que lles permitirá seguir facendo fronte ao mantemento, e sobre todo ás avarías no

saneamento. E manifesta que non hai problema en facer esa retención de crédito e garantir que os arranxos no saneamento se poidan facer e tamén pagalos.

O Pleno da Corporación, co voto favorable dos nove concelleiros dos grupos Popular, CxG e do BNG, e o voto en contra dos catro concelleiros do PSdeG-PSOE, aproba a seguinte resolución:

“En relación co expediente de modificación de créditos MC 09/2016 SC do orzamento vixente, na modalidade de suplemento de crédito con cargo á liquidación definitiva da participación nos tributos do estado do ano 2014, o Pleno da Corporación RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 09/2016 do orzamento vixente, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo á liquidación definitiva da participación nos tributos do estado do ano 2014, de acordo co seguinte resumo:

Estado de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
160	22100	Rede de sumidoiros. Enerxía Eléctrica	15.000,00 €
165	22100	Iluminación pública. Enerxía eléctrica	13.000,00 €
320	22100	Admón Xeral de Educación. Enerxía eléctrica.	10.000,00 €
340	22100	Admón xeral de deportes. Enerxía eléctrica	3.000,00 €
450	21300	Admón Xeral de Infr. Maqu. Instalac e util	23.000,00 €
450	21400	Admón Xeral de Infr. RMC Elementos de transporte	11.000,00 €
450	22100	Admón Xeral de Infr. Enerxía eléctrica	25.000,00 €
450	22103	Admón Xeral de Infr. Combustibles e carburantes	9.000,00 €
450	22111	Admón Xeral de Infr. Suministros repostos maq, tu. E elem	10.533,29
TOTAL GASTOS			119.533,29 €

Estado de Ingresos

ECONÓMICA Concepto	DESCRIPCIÓN	Euros
42001	Liquidación definitiva da PTE 2014	119.533,29 €
TOTAL INGRESOS		119.533,29 €

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante quince días, nos cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

4. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 03/2016

A Sra. alcaldesa manifesta que se trae a aprobación unha serie de facturas que non puideron pagarse no ano 2015 e outras que veñen de moito máis atrás. Entende que aínda que algunhas facturas son anteriores ao seu mandato, correspóndense a servizos prestados e que hai que pagar xa que do contrario prodúcese un enriquecemento inxusto. É o resultado do traballo de depuración que se está a facer desde intervención. Agarda que pouco a pouco se vaia rematando con estes recoñecementos extraxudiciais de crédito que a ninguén lle gustan.

A Sra. Monteagudo di que xa non sabe cantos recoñecementos extraxudiciais viñeron ao Pleno. Considera que é por non ter os orzamentos aprobados. Que no primeiro votaron a favor porque entendían que se trataba de facturas que quedaban pendentes polo descontrol de exercicios anteriores, pero agora, non sendo en dous ou tres casos, trátase de facturas que corresponden a este goberno, o que evidencia que o descontrol continua. Que este é un procedemento excepcional aínda que pretendan convertelo en algo habitual. E pregunta a que corresponde unha factura 1.815 € de setembro de 2015 que vai incluída no recoñecemento extraxudicial, sobre unhas reportaxes fotográficas do municipio.

A Sra. González manifesta a súa satisfacción porque a partida de servizos sociais non teña problemas, que é unha boa noticia para os veciños e veciñas de Muros, pero que non llo cren, que é unha mentira máis.

A Sra. alcaldesa pídlle que se cinga á orde do día e chámalle á orde por primeira vez.

A Sra. González di que todo isto é porque non son capaces de facer o presuposto, que todas as facturas son desta lexislatura, facturas de luz de fai dous ou tres meses, e que no mes de setembro un presuposto como o do concello de Muros ten esgotadas case todas as partidas, pero como acaba de dicir a Sra. alcaldesa, do que tomou nota e lle gustou moito, e “a nosa idea é retirar todo canto poidamos das bolsas de vinculación”, e iso é o que están facendo, ir ás bases de vinculación. A interventora que vén un día á semana e non ten autorización por escrito, só de palabra, a interventora cando chega pola mañá di “dime que partidas podo vincular”, e ese é o traballo que están facendo todos os días, é ir ó xulgado a declarar mentiras e meter a xente en follóns.

A Sra. alcaldesa pídlle que se cinga á orde do día e chámalle á orde por segunda vez.

A Sra. González considera que non ten sentido este recoñecemento extraxudicial, que non son partidas de fai catro anos, é que vostedes son incapaces de asumir as súas obrigas e non lle queda máis remedio que traelas ao Pleno a dicirlle aos grupos da oposición que fagan o traballo porque vostedes non son capaces de facelo, e se non son capaces teñen que marchar, e non vir aquí a dicir que se acabaron os cartos, porque se se acabaron é porque non aprobaron o presuposto nin o van aprobar porque son incapaces. O seu grupo non vai votar a favor deste recoñecemento extraxudicial de crédito, porque segundo esperaron ao mes de outubro, que esperen dous meses máis e paguen como teñen que pagar, no presuposto, e non a sacar de todos os lados, porque se houbese cartos en servizos sociais tamén irían a esa bolsa.

O Sr. García manifesta que aínda que sexa excepcional están case de acordo en todo co PP e o PSOE en que non se pode recorrer ó recoñecemento extraxudicial de crédito para pagar aquilo que debería estar orzamentado, que estamos en outubro e seguimos sen orzamento. Pide ao concelleiro de Facenda que se fagan os presupostos do ano que vén para que non volva pasar o mesmo. Do seu grupo non puideron asistir á Comisión Informativa por razóns laborais, como xa avisaron previamente, e pide que se lle informe sobre os reparos de intervención de dúas facturas e dos pago do subministración de enerxía.

A Sra. alcaldesa dá paso a unha segunda intervención.

A Sra. Monteagudo di que non vai intervir.

A Sra. González pregunta para cando van estar os orzamentos.

O Sr. García tampouco vai intervir.

O Sr. Uhía contesta que os reparos son dúas facturas, unha pola rega do campo de fútbol de Louro e outra polo Camiño dos Mirtos, que non inclúen unhas partidas, que se fixo un suplemento sobre o 10 % do presuposto pero a interventora considera que se tiña que facer un modificado, e polas subministracións considera que se ten que quitar a concurso.

A Sra. alcaldesa manifesta que este recoñecemento extraxudicial é o resultado da depuración de facturas que quedaron pendentes por estar sen interventora. Que é chamativo que a Sra. González diga o que di, cando hai facturas que ela non quixo pagar, como as beirarrúas de fronte a gasoleneira, que se arranxaron xusto antes das eleccións municipais, ou as que comentou o concelleiro de Facenda, do campo de fútbol de Louro, facturas que o anterior goberno non quixo pagar. Que a factura pola que preguntaba a Sra. Monteagudo trátase dunha reportaxe fotográfica para a promoción do turismo, para uso do Concello.

O Pleno da Corporación, co voto en contra dos 4 concelleiros do PSdeG-PSOE, o voto favorable dos tres concelleiros de CxG e a abstención 6 concelleiros dos grupos Popular e do BNG, rexeita a seguinte resolución:

“- Ante a necesidade de facer fronte ás obrigacións procedentes de exercicios anteriores, que non foron recoñecidas no seu día por erros na facturación ou por non existir crédito ou por tratarse de gastos de exercicios anteriores facturados durante o curso do corrente, resulta necesario proceder á súa aprobación e pagamento, dado que corresponden a servizos efectivamente realizados.

- O artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 18 de abril, que desenvolve o Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en materia orzamentaria, establece que é competencia do Pleno do Concello o recoñecemento destas débedas para a súa aplicación a partidas do orzamento corrente.

- O pago destas realizarase de acordo coas dispoñibilidades de Tesouraría tendo, en todo caso, preferencia ao tratarse de servizos prestados no exercicio anterior.

Os gastos que se deben aprobar son os que se relacionan en documento anexo (relación contable de facturas nº F/2016/35 e ADO número 220160007269) e que ascenden a un total de 80.219,50€.

E visto o informe de Intervención, que consta neste expediente, o Pleno da Corporación rexeita a seguinte proposta de acordo:

Aprobar os gastos indicados, que corresponden a servizos prestados en exercicios anteriores, recoñecendo as débedas que destas derivan, con cargo ás correspondentes partidas do Orzamento do exercicio”.

5. INCORPORACIÓN DA CUBERTA DA PISCINA MUNICIPAL AO INVENTARIO DE BENS

A Sra. alcaldesa informa da necesidade de incorporar a cuberta da piscina municipal ao inventario de bens, xa que é un requisito para xustificar o amaño da piscina municipal, e forma parte do convenio asinado coa Deputación.

A Sra. Monteagudo manifesta que o seu grupo non ten nada que dicir.

A Sra. González di que neste asunto o informe de Secretaría si que ten conclusión.

O Sr. García di que non teñen nada que engadir.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a seguinte resolución:

“O 9 de xaneiro de 2015 asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento das obras “Reparación e acondicionamento da cuberta da piscina municipal” por un importe de 93.500,00 €

Para a realización dos traballos asinouse un contrato, o 17 de marzo de 2015, coa empresa Talleres La Florida de San Andrés, S.L., cun importe de adjudicación de 92.873,00 €

Os traballos realizados pola empresa adxudicataria incluíron as obras descritas no proxecto de obra “Reparación e acondicionamento da cuberta de piscina municipal”.

Visto o que antecede, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Incorporar ao inventario de bens do Concello de Muros a cuberta da piscina municipal, quedando afectado á finalidade pública para o uso da piscina municipal, polo menos durante cinco anos.

- Denominación: Cuberta da piscina municipal do Concello de Muros, tal e como aparece definida no proxecto de obras “Reparación e acondicionamento da cuberta da piscina municipal”.
- Superficie: 1.550,80 m.
- Natureza xurídica do ben: propiedade.
- Operación: adquisición.
- Valor adquisición: 92.873,00 euros.
- Destino, uso ou servizo ao que se adscribe: cuberta da piscina municipal.
- Título e data de formalización: 17/03/2015”

6. CONCESIÓN DE COMPATIBILIDADE DA TRABALLADORA Da. TAMARA SANDE PARÍS

A Sra. alcaldesa manifesta que é un caso similar a outro que xa se traxo ao Pleno, que é para traballar os fins de semana e que non interfere no traballo do concello.

A Sra. Monteagudo di que o seu grupo non ten nada que dicir.

A Sra. González manifesta que o informe de Secretaría non ten conclusión e polo tanto non sabe si se pode conceder.

O Sr. García comenta que non recibiu a solicitude na documentación que se lle enviou, que de todas as formas non teñen ningún problema.

A Sra. alcaldesa da paso a unha segunda intervención.

A Sra. Monteagudo comenta que cando recibiron a documentación para a Comisión a solicitude non se vía ben, pero que despois cando a mandaron para o Pleno xa estaba ben.

A Sra. González manifesta que como non sabe se vai ou non interferir, van absterse.

O Sr. García manifesta que non teñen máis que dicir.

A Sra. alcaldesa di que o informe de Secretaría é sobre o procedemento e que se houbera algún problema estaría recollido.

O Pleno da Corporación, co voto favorable dos nove concelleiros dos grupos Popular, CxG e do BNG, e a abstención dos catro concelleiros do PSdeG-PSOE, aproban a seguinte resolución:

“Vista a solicitude presentada pola traballadora municipal D^a Tamara Sande París, na que solicita se lle conceda a compatibilidade para traballar as fins de semana que non afectaría a súa relación laboral co Concello de Muros,

O Pleno da Corporación de conformidade co parágrafo 2º do artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, concede á traballadora do Concello de Muros, D^a Tamara Sande París, a compatibilidade para traballar as fins de semana, sen menoscabo do estrito cumprimento dos deberes que ten como traballadora do Concello, e así mesmo o desempeño do segundo posto de trabado no sector privado, en ningún caso poderá supor modificar as condicións de xornada e horario de traballo neste Concello”.

7. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO.

Dáse conta da seguinte información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

- Execución trimestral correspondente ao 2º trimestre de 2016.
- Cumprimento dos prazos de pagamento das operacións comerciais do 2º trimestre de 2016.

8. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos da Alcaldía núm. 436 ao 597 e das Xuntas de Goberno Local núm. 20, do 1 de xullo de 2016; núm. 21, do 15 de xullo de 2016; núm. 22, do 20 de xullo de 2016; núm. 23, do 3 de agosto de 2016, núm. 24, do 8 de agosto de 2016; núm. 25, do 24 de agosto de 2016; e núm. 26, do 30 de agosto de 2016.

B. Parte de control dos órganos de goberno

9. MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai.

10. ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas da voceira do PP, Sra. Monteagudo:

- En relación coa dación de conta da información rendida ao ministerio, da lectura do informe dedúcese que os pagos realizados fóra do período legal de pago duplican en número e importe os realizados dentro do período legal, e que o período medio de pago é máis do triple do prazo legal. Neste sentido recoméndalle ao equipo de goberno a lectura dun artigo de Domingo Guerra publicado no diario dixital “Que pasa na costa” no mes de xaneiro deste ano, que se titula pagar tarde, mal e arrastro, do que reproduce un pequeno extracto: “Este incumprimento legal é preocupante, xa que o retraso no pago das facturas provoca, inevitablemente, tensións de liquidez nas empresas e autónomos, podendo orixinar verdadeiros trastornos financeiros e, incluso, problemas de solvencia a curto prazo. Por iso, considero que sempre é mellor deberlle aos bancos –para iso están–, que aos subministradores de bens ou servizos da localidade. Porque non son culpables da mala programación e xestión do plan de disposición de fondos municipal”.

Xa sabe que esta opinión non é compartida polo Goberno xa que priorizan pagarlle aos bancos e despois aos provedores, e estes non poden financiar o Concello. Dille ao goberno que hai que pagar, e hai que pagar en tempo e forma, que a súa priorización de pagos resulta case que unha burla, que se pagan sen demora cousas perfectamente prescindibles e en cambio o comercio e entidades locais teñen que esperar meses para cobrar.

Felicita ao concelleiro de Facenda por imprimir os documentos nun formato lexible, pero bota en falta o resumo do estado de execución do orzamento, e pregunta por que non figura nesta documentación.

- No pleno do pasado mes de xullo vostede dixo que ían traer ao pleno de setembro a modificación da ordenanza reguladora do IBI, unha ordenanza para regular o uso das praias e "varias máis", segundo as súas palabras. Non trouxo ningunha, e pregunta se é así como cumpre Compromiso por Galicia. Nese pleno díxolle que podía vostede enganar durante un tempo a algúns, pero que non ía poder enganar durante todo o tempo a todo o mundo. Os 156 votos que obtivo a súa formación nas eleccións do pasado domingo parecen apuntar nesa dirección. Gustaríalle saber que conclusións teñen no seu grupo deste resultado.

- Pregunta se vai seguir nesa liña condenando ao concello ao ostracismo, a figurar nos últimos postos cando se trata de cousas positivas e nos primeiros cando se trata de cousas negativas. A que os veciños se teñan que manifestar para que lle limpen o parque ou lle amañen un camiño. A prescindir absolutamente dos acordos do pleno para facer o que lles dea a gana.

- Que están esperando pola documentación que quedou en mandar no mes de xullo, as facturas do decreto 419. Do informe de regularización catastral, que llo deron hoxe, gustaríalle saber cando entrou. Que están esperando polas cousas que se comprometeu a facer, colocar un espello en Cabanas, ordenar a circulación na baixada do Artón, arranxar a ducha de Somorto, quitar o plástico da gaiola de salmón, limpar os contedores, as reparacións dos colexios, a pista do colexio de Esteiro que ía estar lista en agosto, a nova oferta de actividades culturais e deportivas (que xa prometera para o curso pasado), e pregunta se tampouco este ano tiveron tempo.

- Que os veciños de Torea están pedindo a berros que os escoiten, e alégranse que se lles fixera caso en canto á subvención para a mellora de camiños municipais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que tiñan pensado renunciar porque non sabían en que gastala, empregando os cartos nunha das parroquias máis abandonadas do concello, Torea, e gustaríalles saber que xestións fixeron para facer efectivo o acordo plenario do pasado mes de xullo, no que se pedía que se instara á Deputación a adxudicar a obra de mellora da DP 5304. Considera que é o momento de pedirles que atendan os camiños municipais, que segundo lles din os residentes, están completamente abandonados. O camiño principal de Torea, o camiño da Fonte, que baixa ata A Cancela, está feito un desastre. Non son quen de entender que se prioricen actuacións irrelevantes que custan moitos cartos, e non se reparen os camiños polos que se circula todos os días.

- Que queda un mes para Defuntos, e vai para un ano que o pleno aprobou facer melloras no cemiterio da Atalaia. Pregunta canto tempo hai que esperar. Que pasan dos veciños e pasan dos acordos plenarios, e que iso se paga nas urnas. Pregunta para cando o amaño do cemiterio.

- Teñen queixas continuas pola presenza de ratas no Curro da Praza, na Pescadería Vella, pola rúa Real, e pide se tomen medidas xa.

- Que hai máis dun mes que a rúa de arriba do polígono está sen iluminación, e agora que se acurtan os días e se fai de noite antes, a falta de iluminación supón un problema de seguridade. Pregunta cando se vai amañar.

- Que tamén hai problemas coa iluminación no cabo, xa que a parte que amañou Costas quedou sen iluminación na beirarrúa. Que os veciños deron conta desta situación. E pregunta que se fixo para poñerlle remedio.

- Que os xubilados de Esteiro están utilizando a caseta de turismo para botar a partida. Que o local non é adecuado para iso, considera que debería usarse para o que se fixo, para dar información turística. E pregunta por que non se lles contesta á súa solicitude de utilizar un local no Areal.

- Que en Louro eliminouse o paso de peóns nas Travesas, e pregunta se non se pode pedir que o volvan pintar. Tamén pregunta que pasou coas clases de zumba.

- Que os veciños denuncian problemas de orden público no Chalón e na Fonte Vella. Pregunta si saben da existencia deses problemas e se hai pensado tomar algunha medida.

- Que no mes de xullo o pleno acordou levar a cabo unha serie de actuacións de carácter inmediato para dinamizar a rúa Real, Axesta e o Mercado. Que finalmente foi en setembro cando se retiraron os cables e os bolardos, que faltan outras actuacións por facer, e pregunta para cando.

A Sra. alcaldesa contesta:

- Sobre o prazo de realización dos pagos estráñalle que diga iso cando acaban de absterse na votación do recoñecemento extraxudicial de crédito para poder pagar esas facturas, algunhas do 2011, e que isto é unha das causas de que eses números saian mal e van seguir saíndo mal por non se aprobar este recoñecemento extraxudicial, que se non se aprobou non foi porque o goberno no trouxera ao Pleno.

- Sobre o IBI estase traballando na ordenanza e ese informe da regularización catastral era necesario, e chegou nesta semana ou na anterior. Unha vez tida esa información solicitouse ao Ministerio información sobre a baixada do IBI. Cando contesten traerese ao Pleno.

- Que sobre as obras de mantemento vanse acometendo a medida que se vai podendo, de algunha que comentou sobre o alumeado non ten constancia, pero pasarase o aviso aos electricistas.

- A caseta de turismo parécelle mellor que a usen os xubilados que que esté pechada, aínda este verán estivo aberta e foi compatible. No local do Areal o uso hai que compatibilizado coa Escola de Música municipal, e están pendentes do horario que vai ter a escola, do que xa se lles informou aos xubilados.

- Sobre a subvención de Medio Rural do camiño de Torea, efectivamente, cando foi de solicitar a subvención había dificultades para cumprir determinadas características, e iso comentóuselle a Vostede, pero de aí a que fóra a súa iniciativa hai bastante distancia.

- Cando fala de priorizar actuacións non sabe a que se refire, porque se lle está dando prioridade ao que se considera prioritario.

- Sobre a Praza do Mercado, a retirada do cableado correspóndelle a Telefónica e á Compañía Eléctrica, e hai unha proposta para o soterramento do cableado.

Preguntas da voceira do PSdeG-PSOE, Sra. González:

- Pregunta se non se lle vai contestar ningunha pregunta do Pleno pasado nin tampouco darlle a documentación que pediron.

- Que á Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2016 só asisten dous concelleiros cando ten que haber tres, polo que a Xunta non é válida, e pide que se anule.

- Que na Xunta de Goberno do 30 de agosto deuse unha licenza a unha vivenda no Campo, núm. 24, en Esteiro, e non consta a referencia catastral cando é obrigatorio desde xaneiro de 2015. Que pola oficina urbanística creada polo anterior goberno municipal do PSOE abriuse un expediente de reposición da legalidade a esa vivenda por infracción da legalidade urbanística, que impide, salvo, prevaricación, que se outorgue ningún tipo de licenza mentres non se resolva dito expediente, y como lle consta que dito expediente non está prescrito, estase ante un feito gravísimo da administración, con grave violación do Regulamento de Disciplina Urbanística, que configura o tipo de delito de prevaricación, polo que rogan que se anule o expediente 56/16 e con el a licenza outorgada, sen prexuízo de dar conta á fiscalía para depurar as responsabilidades que correspondan a todos os intervinentes en dito delito. Rogan que se anule, porque se concedeu a licenza sen facer constar o expediente de reposición da legalidade.

A Sra. alcaldesa contesta:

- Que no Pleno anterior vostedes marcháronse antes de rogos e preguntas.

- Con respecto aos outros temas estaban debidamente asistidos polos técnicos do Concello, polo que pode recorrer onde queira outra vez, pode instalarse alí definitivamente.

A Sra. González dille Á Sra. alcaldesa que é ela a que se vai instalar alí definitivamente.

A Sra. alcaldesa dille que non interrompa ou que lle vai chamar á orde por terceira vez.

Contesta a Sra. González que a bote, que xa é hora de marchar.

A Sra. alcaldesa chámalle a orde por terceira vez e pídelle que abandone o salón de plenos, que se debe un mínimo de respecto a esta sesión plenaria.

Abandonan o salón de plenos os catro membros do Partido Socialista.

Preguntas do voceiro do BNG, Sr. García:

- Que o colectivo de taxistas do concello comunicoulles que fai uns meses algúns titulares de licenzas de taxi puxéronse en contacto co goberno municipal para reclamarlle que actúase ante as prácticas irregulares que se estaban a levar a cabo por algúns propietarios de licenzas. Que a día de hoxe seguen tendo lugar esas irregularidades, e desde o colectivo lle transmiten a necesidade de preguntar publicamente se o goberno municipal ten pensado resolver esa problemática.

- Que a finais do mes de agosto un circo ambulante con animais en pésimo estado levou a cabo dúas actuacións no concello. Con motivo destas actuacións deron entrada por escrito no Rexistro do Concello o 31 de agosto a unha serie de preguntas co fin de que fosen respondidas polo medio que considerasen oportuno. Como non obtiveron resposta, procede a dar lectura a dito documento: "En recentes datas, un circo ambulante que utiliza animais no seu "espectáculo", realizou funcións en distintas parroquias do noso Concello. Que nós saibamos, unha tivo lugar na parroquia de Esteiro e, este luns, outra na parroquia de Louro.

Ante a pregunta verbal do portavoz municipal do BNG ao goberno municipal, sobre se tiñan coñecemento de que estaba o circo instalado e listo para actuar en Louro, obtivemos a resposta de que xa tiñan constancia e que estaban a traballar para que se retirase e non levaran a cabo a súa función.

Finalmente, o circo en cuestión, que contaba con varios animais en estado de aparente desnutrición e cunha falta de hixiene e desatención manifesta, os cales pasaron varias horas ao sol sen apenas atención, seguiu adiante co seu propósito e celebrou sen ningún impedimento a súa actividade comercial.

Ante estes feitos, e non dispoñendo de pleno ordinario neste mes onde poder tratar esta cuestión, desde o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista en Muros, queremos formular as seguintes preguntas ao respecto:

- Dispoñía a empresa de permiso municipal para celebrar o evento?.

- De dispoñer deste permiso, fóronlle esixidos desde o Concello os mesmos requisitos que ao resto das empresas que organizan eventos en espazos públicos?.

- De non dispoñer deste permiso, porque celebraron igualmente a súa función?"

- Na mesma data de 31 de agosto, ante a ausencia de pleno ordinario no mes pasado, presentaron tamén un escrito no que instaban ao goberno municipal a que executara inmediatamente as accións acordadas no pleno do 28 de xullo, a respecto da moción sobre o Plan de Dinamización do Casco Histórico. Que uns días despois foi retirado o mobiliario da Praza de Galicia. Pregunta si se vai convocar con carácter urxente a comisión informativa municipal que constituía e convoque a Mesa Sectorial que desenvolverá dito plan.

- Se se están a elaborar os orzamentos e se se vai ter en conta a todos os grupos.

- Con respecto a preguntas de plenos anteriores:

- ¿Hai algunha novidade na denuncia de Costas pola obras ilegais na illa da Creba?.

- ¿Vai limparse o camiño Inglés, que se está promocionando, e está sen adecuar na parroquia de Abelleira, no tramo que xa indicou en varias ocasións?

- ¿Atopouse algunha solución para o aparcamento na Acea para eliminar a práctica de aparcarse enriba da beirarrúa?.

- ¿Hai avances na dotación de ADSL nas parroquias de Abelleira e Torea?

- ¿Vanse amañar os adoquíns no camiño do Vilar, na mesma parroquia?

- ¿Hai algunha novidade sobre o plan de Costas para arranxar o Paseo de Esteiro e cando se vai executar? Roga ao goberno municipal que insista diante das institucións para que non caia

no esquecemento, unha vez pasadas as eleccións, a promesa de solucionar este histórico problema que sofre a parroquia de Esteiro.

- Roga que se leve a cabo de xeito inmediato a colocación da antena de repetición do sinal de TV en Santa Catalina. Insta ao goberno municipal a que se poña en contacto coas asociacións veciñais afectadas xa que poden ter a solución aos atrancos que actualmente atopa o Concello para executar a instalación.

- Roga que se derroge a ordenanza que prohibe o acceso das mascotas ás praias e se elabore unha ordenanza de boas prácticas para donos/as de mascotas.

- Roga que se pinten as liñas amarelas nos cruce de Bornalle e no de Freixeiros para que haxa máis visibilidade ao incorporarse á estrada principal.

- Roga a elaboración dun Plan de Mantemento Xeral dos espazos e instalacións públicas, co fin de organizar correctamente o traballo de mantemento e de poder comprobar as carencias coas que conta actualmente a brigada municipal para executar todas as actuacións que serían precisas para un correcto mantemento, e poder programar adecuadamente o traballo desta e a contratación de terceiras empresas para cubrir as carencias que se detecten. E nomeadamente da necesidade de actuar nos parques do Artón, de Cabanas e de Baño na Sala Nasmo, do que lle pasan diferentes queixas, como que os bordes de pedra que hai son perigosos porque quedaron moi cortantes, e xa máis dun neno se lastimou, que tanto os bancos como a fonte está por fóra do valado, e hai que saltar por riba para ir a fonte ou sentarse nos bancos, que hai unha canle de auga que está anegada onde acaba a cortiza, e denuncia que hai abandono na limpeza do parque.

A Sra. alcaldesa contesta:

- Que tivo dúas reunións cos taxistas, que está indo a Policía facer inspeccións e sobre outras demandas como a da caseta estase mirando de solucionar.

- O circo solicitou autorización e foille denegada, montaron en Esteiro sen dicir nada, que os viron pola noite e foi a Policía Local, e ó día seguinte xa non estaban. Poucos días despois apareceron en Louro, foi a Policía Local e díxolles que non podían montar e despois comunicóuselle por escrito que non podían montar, e a pesar de todo instaláronse, polo que agora estamos mirando a posibilidade de sancionalo para evitar que volva a pasar.

- Sobre o Plan de Dinamización do Casco Histórico, quitáronse os bolardos e os bancos e fíxose o do cabreado como xa se falou, e realizáronse varias actividades, e vai facerse unha nova para fomentar o uso do mercado e a de recollida de aceite usado, que é unha campaña durante uns dous meses, e hai intención de seguir realizando actividades. Con respecto á Comisión Informativa convocarase en breve.

- Tocante á illa da Creba, non tivo máis noticias de Costas.

- Sobre o paseo de Esteiro, o día 20 rematou o prazo para a entrega do proxecto, en breve espera ter noticias. Cre, pola actitude do Xefe de Costas, que neste caso non vai haber problema nin marcha atrás polo feito de que pasaran as eleccións.

- Do camiño Inglés pregunta se é o tramo de Ceboláns o que está sen limpar. Que lle confirma a Sra. Simal.

- Sobre o ADSL en Abelleira non hai novidades.

- O resto todo, igual, ata o de agora non houbo novidades.

A Sra. Simal comenta que non sen ve a televisión.

O Sr. García manifesta que se fale cos veciños, que propoñían solucións.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e unha horas e cincuenta e tres minutos. Dou fe.